



Resolución do 29 novembro de 2024 pola que se convocan para a elección de destino ás persoas aspirantes que superaron o proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021 mediante o sistema de concurso de méritos, o proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021 mediante o sistema de concurso oposición e ás que superaron o proceso selectivo derivado da oferta pública de emprego 209/2022.

Por resolucións de 29 de decembro de 2022 convocáronse os procesos selectivos extraordinarios de estabilización derivados da Lei 20/2021, do 28 de decembro, mediante o sistema de concurso de méritos e concurso oposición para o ingreso en diversas categorías da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A.

Por resolución do 27 de setembro de 2023 convocouse a provisión definitiva de 58 postos de traballo do cadro de persoal de SEAGA derivados da oferta pública de emprego regulada no Decreto 209/2022 do 17 de novembro.

Unha vez finalizados os procesos selectivos citados, nas listas definitivas do baremo de méritos de cada unha das categorías profesionais que figuran publicadas na web www.epseaga.com, obsérvase a concorrencia de persoas aspirantes en máis dun proceso.

Non obstante, a Lei 5/2022 de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia, establece expresamente no seu artigo 11:

"Coa finalidade de acadar unha efectiva redución da temporalidade no emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia, unha mesma persoa aspirante non poderá ser proposta para adquirir a condición de persoal funcionario de carreira ou persoal laboral fixo en máis dunha escala, corpo ou categoría profesional tanto na Administración Xeral como nas entidades instrumentais do sector público autonómico. Neste caso a persoa aspirante deberá comunicar ao





órgano convocante a súa opción e será excluída doutro proceso, e o seu lugar será ocupado pola seguinte persoa aspirante, consonte a orde de prelación derivada das puntuacións do proceso selectivo."

"Coa mesma finalidade que a indicada no número anterior, as persoas que adquiran a condición de persoal funcionario de carreira ou de persoal laboral fixo como consecuencia dos procesos selectivos previstos nesta lei deberán permanecer en servizo activo na devandita escala, corpo ou categoría un mínimo de dous anos dende a toma de posesión antes de concedérselles excedencia por interese particular ou por prestación de servizos no sector público".

En consecuencia, a fin de garantir a máxima protección dos dereitos das persoas aspirantes, en concordancia co obxectivo dunha efectiva redución da temporalidade no emprego público, esta Xerencia

DISPÓN:

Que ante a coexistencia de distintos procesos selectivos de estabilización e de acceso libre, con diversos postos e categorías, a elección de destinos efectuarase de modo coordinado e de acordo cos seguintes criterios:

Primeiro. Convócase á elección de destino, ás persoas aspirantes que superaron os procesos selectivos e que figuran no anexo I desta resolución.

Segundo. Os postos ofertados figuran no anexo II da presente resolución. As persoas aspirantes elixirán, por orde de preferencia, os postos nos que tiveran superado o correspondente proceso selectivo. Non obstante, no caso de que a persoa aspirante manifeste preferencia sobre algún posto no que se atope en

lista de agarda, deberá indicalo expresamente, a efectos da súa consideración ante posibles renuncias que se podan producir.

Terceiro. No prazo máximo de dous (2) días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución na páxina web de SEAGA, a persoa





aspirante, deberá remitir o anexo II desta resolución, debidamente cumprimentado e asinado, ca indicación dos destinos seleccionados por orde de prelación. Os lugares habilitados para a súa presentación serán:

- Presencialmente en calquera das oficinas de rexistro da E.P. SEAGA:
 - o Nas oficinas de rexistro de SEAGA, sitas no Polígono Industrial do Tambre, Vía Marconi, nº 14, 15.890 Santiago de Compostela - A Coruña, de luns a xoves, en horario de 9:00h a 14:00h e de 15:30h a 17:30h e os venres en horario de 9:00h a 14:00h.
 - o Nas oficinas de rexistro de SEAGA, de luns a venres, en horario de 9:00h a 14:00 horas, sitas en:
 - Polígono do Ceao, Rúa dos Carros, parcela 17, 27003 Lugo.
 - Polígono de San Cibrao das Viñas, Sector C, Rúa Ricardo Martín Esperanza (Rúa 1), Parcela 1-G, Nave 3, 32911 San Cibrao das Viñas, Ourense.
 - Lugar de Cabanas - Salcedo nº 54, 36143 Pontevedra.
 - Estrada N. VI, Km 581, 15640 Guísamo-Bergondo.
- Electronicamente, desde a sede electrónica da Xunta de Galicia na dirección <https://sede.xunta.gal> empregando o modelo co código PRO04A-Presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado. En destinatario deberá seleccionar Consellería do Medio Rural e a continuación Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos (SEAGA).

Cuarto. No caso de Renunciar a algún posto de traballo, a persoa aspirante deberá presentar o correspondente documento de renuncia ó posto nos lugares indicados no apartado anterior. Lémbrese que, de acordo co artigo 11 da Lei 5/2022 , aquela persoa aspirante que figure en diversos procesos selectivos de estabilización derivados da Lei 20/2021, deberá comunicar a súa opción e será excluída dos outros procesos, pasando o seu lugar a ser ocupado





pola seguinte persoa aspirante, consonte a orde de prelación derivada das puntuacións do proceso selectivo.

Quinto. En caso de que a persoa aspirante, que se atope en posición de contratación, non remita a súa solicitude de elección no prazo e forma que se sinalan, nin tampouco envíe comunicación de renuncia, seralle adxudicado un posto entre aqueles que quedasen sen adxudicar.

Sexto. Finalizado o prazo para a elección de destinos, SEAGA procederá á adxudicación dos mesmos en función da orde de prelación acadada por cada persoa aspirante no proceso selectivo e atendendo á orde de preferencia na selección de destinos efectuada por esta.

Sétimo. Para a cobertura das vacantes xeradas polas renuncias que xurdan tras este proceso, deberán publicarse novos prazos para a elección de destinos por parte das persoas que figuren na correspondente lista de agarda, atendendo á súa orde de prelación nas mesmas.

Oitavo. A adxudicación definitiva de postos resolverase mediante resolución desta Xerencia que se publicará na páxina web de SEAGA e no DOG.

Noveno. Previamente á sinatura do contrato, notificarase a aquelas persoas seleccionadas que teñan pendente de acreditar algún dos requisitos esixidos polas bases, en particular, o relativo á capacidade funcional exposta na base

II.4 dos procesos derivados da OPE 209/2022 que se acreditará mediante o corresponde certificado médico oficial ou informe de saúde.

Décimo. As datas para a sinatura dos correspondentes contratos de traballo serán publicadas na páxina web de SEAGA, e as persoas aspirantes disporán dun prazo de dez (10) días naturais para a súa formalización. No caso das





SERVIZO
AGRARIO
GALEGO

persoas traballadoras que teñan a condición de fixas-descontinuas, o inicio da súa actividade laboral producírase no momento do chamamento á actividade de quen reúna dita condición, así como a formalización do correspondente contrato de traballo, sen prexuízo de que a aceptación do posto de traballo se efectúe con anterioridade.

Santiago de Compostela, (na data e hora dixital)

A directora xerente da E.P. SEAGA

